

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 20 DE ABRIL DE 1995.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día vinte de Abril de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, e Don Xosé Prieto Pérez.

Non asiste Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade os borradores das sesións anteriores, que foron as celebradas os días 6 e 12 de Abril pasados.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Visto o escrito de Don Luís Varela González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Santiago, 6, no que interesa a colocación de lápida e cruz conmemorativa nunha sepultura do Cemiterio Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado pero en ningún caso esta autorización suporá dereito de propiedade da devandita sepultura a prol do interesado.

Visto o escrito de Don Xosé Barroso García, veciño desta Vila, con domicilio en Avda. Ribeiro, 33, no que prega o troco do seu

vehículo de autoturismo, matrícula OR-1599-M, por outro novo, marca Opel Astra, matrícula OR-3305-P; tendo en conta que neste Concello non hai marcas nin modelos normalizados, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó troco, polo cal, a partir de agora, causa baixa o vehículo OR-1599-M, sendo alta o vehículo OR3395-P, para desenvolve-la licencia municipal número 8; polo interesado cumpriranse os requisitos establecidos nos Regulamentos Nacional e Municipal sobre esta clase de servicio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comsión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes escritos:

Do Servicio do Medio Ambiente Natural da Delegación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, sobre arquivo de denuncia por verquido de augas residuais ó río Avia.

Da Delegación da Consellería de Agricultura Gandería e Montes, sobre reparación e acondicionamento de camiños rurais no Concello de Ribadavia, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a cesión dos terreos a que se refire no devandito escrito así como, comunicarlle que os devanditos camiños son públicos.

Da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, concedendo unha subvención por importe de 100.000 pesetas para o fomento e a realización de actividades xuvenís; a Comsión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acepta-la devandita subvención.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento de consumo público de San Paio e de Ribadavia.

Da farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público da Fonte da Prata, saída do depósito do abastecemento a Ribadavia, saída do depósito do abastecemento a San Paio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación correspondente a obra "Reforma do Alumeado Público en San Paio, 1ª fase, polo importe de 2.073.914 pesetas.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.